

Supresión do posto de traballo

Os funcionarios e funcionarias docentes con destino provisional como consecuencia da supresión da praza da que eran titulares, están obrigados a participar, até que obteñan destino definitivo, nos concursos de traslados que se convoquen a partir da data na que se produciu o cese.

Os que cumprindo coa obriga de concursar non obtiveran ningún destino dos solicitados durante seis convocatorias poderán ser destinados de oficio pola Administración Educativa na forma prevista nas convocatorias. De momento non se fai efectiva esta posibilidade.

As persoas suprimidas teñen dereito preferente (segundo o Corpo de pertenza) a obter destino no Centro, localidade e zona da supresión. Tamén se establecen unha serie de vantaxes e particularidades, a efectos do cómputo da antigüidade na baremación do concurso de traslados, polo que hai que ler paseniñamente a convocatoria correspondente.

Mestres e mestras

Critérios da perda do destino definitivo no corpo de mestres.

1. Nos supostos nos que se deba determinar entre varios mestres que ocupan prazas da mesma especialidade quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva do destino que viñan desempeñando, se ningún deles opta voluntariamente polo cesamento, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:
 - a) Menor antigüidade ininterrompida, como definitivo, no centro.
 - b) Menor tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira do corpo de mestres.
 - c) Ano máis recente de ingreso no corpo.
 - d) A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
 - e) Menor puntuación obtida no procedemento selectivo a través do que se ingresou no corpo.
2. Nos supostos nos que o número de solicitudes de cesamento nunha especialidade fose maior que o de mestres que deban cesar, os criterios de prioridade para optar serán:
 - a) Maior antigüidade ininterrompida, con destino definitivo, no centro.
 - b) Maior número de anos de servizos efectivos como funcionaria ou funcionario de carreira do corpo de mestres.
 - c) Promoción de ingreso máis antiga.
 - d) A maior existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
 - e) Maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso ao corpo.

Profesorado de secundaria, F.P., E.O.I. e artes plásticas e deseño

Para as funcionarias e funcionarios dos corpos docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias non recollidos no artigo 3º, nos supostos nos que se deba determinar entre varias profesoras ou profesores que ocupan prazas do mesmo tipo quen é a afectada ou afectado por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva do destino que viña desempeñando, se ningún deles opta voluntariamente polo cesamento, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Menor antigüidade ininterrompida como definitivo na praza.
- b) Menor tempo de servizos efectivos como funcionaria ou funcionario de carreira do corpo ao que pertenza cada funcionaria ou funcionario.
- c) Ano máis recente de ingreso no corpo.
- d) Non pertencer ao corpo de catedráticos.
- e) A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- f) Menor puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

As disposicións contidas no parágrafo anterior aplicaranse sen prexuízo de que un catedrático por especialidade terá dereito preferente para quedarse con destino definitivo no centro.

No suposto de que o número de solicitudes de cesamento fose maior que o de funcionarios que deban cesar, os criterios de prioridade para optar serán:

- a) Maior antigüidade con destino definitivo ininterrompido na praza.
- b) Maior número de anos de servizos efectivos como funcionaria ou funcionario de carreira.
- c) Ano máis antigo de ingreso no corpo.
- d) Pertencer ao corpo de catedráticos.
- e) A maior existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- f) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.



Normativa:

Real Decreto 2112/1998 polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito estatal.

Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el. (DOG de 01-09-06)

Convocatorias correspondentes de cada concurso de traslados.